

Comentarios no [blog do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. O libro *A banda sen futuro*, está bastante ben. Ten unha historia bastante entretida, que nos conta o día a día dunha rapaza que ten pequenos problemas de integración no seu novo instituto, debido a que se ve obrigada a levar un gorro xa que quere ocultar a súa cabeza rapada debido á quimioterapia. A historia nalgúns puntos a vexo un pouco aburrida, xa que conta todo o rato a vergoña que sofre Carlota no instituto, e o desgraciada que se sente ás veces. Tampouco me gustou o final cando ... Parécese un final un pouco amañado, e digamos demasiado feliz. Na miña opinión penso que estaría mellor, se a ... Sen embargo, eses son os únicos puntos negativos que lle vexo á historia. No resto gústame como se desenvolve, como ós poucos vai facendo amigos e os seus compañeiros de clase se van afacendo a ela e aos seus gorros. O que máis me gustou sen dúbida foi a relación que vai trabando con Poch. Como ós poucos xorde a complicidade entre eles e como se converte no seu mellor amigo, aínda que só sexa un anaco de papel de periódico pegado nun taboleiro. En resumo, o libro gustoume bastante, aínda que sen dúbida o estendería un pouco máis para cambiar o final, que non me rematou de convencer. **(Cora)**

2. *A banda sen futuro* relata a supervivencia no instituto dunha nena que ten un eccema na cabeza e debe cortar totalmente o pelo. Son tempos duros para ela, pois dende a miña opinión, comezar unha nova vida cun aspecto pouco habitual nunha rapaza de dezaseis non debe ser nada doado, ademais de sentirse insegura. Creo que Carlota é bastante cerrada, xa que prefire non relacionarse cos seus compañeiros por mor de que se burlen dela. Estou segura de que o principio estaría en boca de todos o por qué de levar un gorriño, pero co tempo os compañeiros acostumaríanse. Tamén opino que lles debería contar a causa de que teña o pelo tan curto, así deixarían de falar diso. É verdade que primeiramente non a tratan moi ben e o peor de todo é que na realidade, e sobre todo entre os xoves, pasa o mesmo: cando unha persoa é distinta na forma de vestir ou ten gustos "raros" por ser diferentes aos do resto, tendemos a xulgala case sen coñecela; e moitas veces perdemos a oportunidade de relacionarnos con esa persoa polos prexuízos que temos contra ela. É unha pena ademais de facer que se sinta mal. Por outro lado, cómpre salientar a relación que ten a protagonista con Poch, unha foto do cantante do seu grupo favorito, Derribo Arias, que morreu hai pouco. A el cóntalle os seus medos e as súas experiencias e séntese máis segura, xa que Poch a aconsella. Unha personaxe que me parece importante é a avoa da protagonista, unha muller que se preocupa moito pola súa neta e esta sen embargo non segue as súas recomendacións. Un día recibe a noticia de que ten ... A avoa resígnase pero Carlota pásao moi mal, e dáse de conta de que senón... Isto ocorre cando a nena comeza a facer amigos no instituto, e volve a cerrarse para coidar da vella. Aínda que dura pouco, xa que remata namorándose. En conclusión, gustoume moitísimo esta novela; pareceume un libro moi entretido que reflicte á perfección unha situación coma esa en calquera instituto, xa que, queiramos ou non, vivimos nunha sociedade axustada a unhas normas e gustos para facer as cousas, e quen as traspase voluntaria ou involuntariamente converterase nunha persoa "rara". ¿E por qué vela como unha heroína? Iso é Carlota. **(Teresa)**

3. *A banda sen futuro*, foi un dos libros que ata agora lín que destacaría porque me encantou. Se analizas o seu contido é abraiante como Carlota, a protagonista, que está pasando por unha situación moi delicada, que non quere saír da casa, que o seu mellor amigo é Poch, unha foto dun cantante pegada a unha parede; sae adiante, enamórase, e vólvese unha rapaza normal con moitos amigos e cun mozo que a quere tal e como é. A historia de Carlota inspiroume moita forza de vontade, porque aínda que sexa unha historia dun libro, non deixa de ser admirable a súa vontade. En definitiva encantoume e se pode volvereino a ler no verán. Nota numérica: 9 **(Silvia)**

4. O libro en liñas xerais pareceume moi interesante. É un deses libros que ao comezar a ler non podes parar porque queres saber como vai acabar. É unha historia moi realista no senso en que lle pode pasar a calquera rapaz ou rapaza que chega a un instituto novo, aínda que o da súa enfermidade non sexa tan frecuente en rapaces de instituto. Polo primeiro motivo sentínome moi identificada coa protagonista. E se a iso lle sumamos o gran parecido da avoa da protagonista coa miña incrementa a identificación. Outras das vantaxes da novela son as descricións de escenas no instituto cos compañeiros e mestres, xa que son moi entretidas e contribúen a que a historia que se transmite non sexa tan trágica. Unha das cousas máis tristes, e máis conmovedoras, son as conversas que mantén Carlota con Poch, unha foto do cantante do seu grupo preferido que ten pegada na parede do seu cuarto. El tamén tiña a mesma enfermidade ca ela, pero ... As súas conversas axudábana pouco a pouco a superar o mal momento que atravesaba na súa vida e enchíana de forzas para seguir loitando, aínda que en realidade as respostas obtidas non eran máis que as súas mesmas, as da súa conciencia. Por último só me queda dicir que a forma na que escribe a autora fai que sexa moito máis doado seguir o fío da historia e ler con facilidade. De non ser por iso seguramente a novela non fose tan entretida, na miña opinión. Gústame tal cal esta escrita e non cambiaría nada, senón non sería a mesma da que estou a falar. **(Enma)**

5. O certo é que o libro de *A banda sen futuro* gustoume moito. Non só pola súa forma, contada a historia de xeito ameno, introducindo ao receptor no relato, senón tamén polo seu contido e ensinanza tan real en todos os aspectos, caracterizado pola superación dunha nena de dezaseis anos a unha enfermidade que lle impón ter o pelo rapado. Ao principio, a nosa protagonista é unha persoa cerrada e insegura, creo que isto podería ser moi común e real en rapaces de dezaseis anos que se mudan de instituto tendo que comezar unha nova vida, pero unha nova vida noutro lugar cunha característica non tan habitual, levar a cabeza rapada. Motivo polo cal Carlota sente arrepiño do que dirán ou do que pensarán, algo tamén moi habitual, porque vivimos nunha sociedade que se basea moitas veces nos prexuízos. Por outra banda, encántame a relación da protagonista con Poch, aínda que sexa unha fotografía pegada no seu taboleiro, ao que lle conta e lle pide consello sobre todo os seus medos e inquedanzas. Penso que é moi importante ter alguén a quen contarlle os teus problemas, e que polo simple feito de contalos e de saber que hai alguén aí axudándote, ese problemas deixan de ser tan problemas. Así tamén me gusta moito a actitude da avoa cando ten que ... Esta non perde a esperanza e as ganas de mostrarlle ao mundo que aprenderá de cada día máis. O certo é que o final non é para nada esperado, ... E como se adoita dicir: as aparencias enganan. **(Paula)**

6. O libro, *A banda sen futuro*, gustoume moito pois é entretida e non sabes cal é o claro final entón, incita a lelo. E, sobre todo, gustoume porque é unha historia moi actual e está relatada moi ben. Esta historia trata dunha rapaza que ten cancro entón, debido á medicación para tratar dito cancro, cáelle o pelo, e vese enfrontada, por así dicilo, cunha sociedade onde a imaxe todo conta e pásao moi mal ata que. Por outra banda, Carlota pola súa situación non quere saír da casa e na súa habitación fala con Poch, un rapaz do grupo a *Banda sen Futuro* co que Carlota se sente identificada, pero é simplemente un póster. Ao fin Carlota intégrase na clase e acaba ... **(Aida)**

Este é o primeiro libro que leo de Marilar Aleixandre e a verdade é que me resultou moi interesante e de rápida lectura xa que a historia engancha dende o comezo. É sorprendente como Carlota consegue ao fin integrarse, cousa que parecía moi difícil ao comezo do seu curso cando se ve obrigada a levar o gorro para así ocultar a súa cabeza rapada, a causa dunha enfermidade. Tamén me chamou a atención a estraña relación entre ela e Poch, ao que lle contaba todas a súas cousas aínda que este fose soamente un anaco de papel, a vez que o seu cantante preferido. Ao final remata saíndo ... Para concluír recomendo esta lectura para os que aínda non a leron, xa que se le moi rápido e a historia engancha dende o primeiro intre. **(Natalia)**

7. Persoalmente o libro gustoume moito xa que me parece unha historia do tempo no que vivimos; narra a vida e o pensamento dunha adolescente. Quizais o que máis me gustou é o proceso de superación que amosa no final do libro sobre a súa enfermidade, penso que amosa unha actitude moito máis madura e positiva. Déixanos ver o mal que o pode pasar alguén por sentirse diferente ós demais. Coñece o amor por primeira vez coa facilidade habitual dos adolescentes de namorarse e volver namorarse, chegando a coñecer outro amor case sen darse de conta. Penso que é un libro que paga a pena ler xa que na miña opinión fala de temas moi interesantes. **(Sheila)**

8. É un libro de estilo diario, no que a protagonista nos conta as súas desgrazas e a súa visión cara o futuro, que por certo un pouco negativo. Gustoume o libro porque fai referencia ós problemas dos rapaces da nosa idade, xa que a etapa da adolescencia é un período bastante duro e importante, no que require moita necesidade dos consellos dos maiores. O que máis me gustou do libro foi cando dixo que "o futuro non é algo que se vexa senón que está agardando que o escribamos e ata que non o escribamos non o poderemos ler". Pareceume moi interesante e con toda a razón do mundo. A vida é coma a historia, cada un ten que escribir a súa propia historia. **(Xiling)**

9. Este libro gustoume moito por diversos motivos, entre os cales destaco a forma da novela (diario) e a expresividade dos personaxes. É unha novela moi levadeira e que engancha, reflicte moi ben a situación dunha rapaza que pasa por difíciles momentos da súa vida: unha enfermidade que lle fai caer o pelo, o amor non correspondido, a súa avoa e a integración no seu novo instituto... serán os temas que destacarán ao longo do transcurso da novela. **(Paula)**